

Aínda resoaban na súa cabeza as últimas palabras que a cérbera pronunciara como lacónica despedida antes de pechar a porta da Casa.

—Procura non decepcionarnos desta vez. Se non hai resultados, a Nai fará que desaparezas. É a túa derradeira oportunidade. Non a desperdicies.

Ranunca mirou de novo o portón de grosas táboas de castiñeiro. Des que pasara aquela soleira por primeira vez a súa vida non fora máis ca unha sucesión de pesares encadeados. Porén, dentro da Casa estaba o futuro, a oportunidade de ser alguén naquel mundo de sombras. Quedar fóra simplemente significaba non existir.

«Mellor non existir ca ter que desaparecer», musitou para si a modo de lamentación. Mellor non ser ninguén ca ser eliminada. Pero era tarde de máis para pensar naquel dilema. Xa non era posible.

Xa non había escolla. Cando decidira formar parte do clan das iniciadas, aceptara a posibilidade de ter que chegar até o límite do límite. Non pensara con certeza que a ela lle fose tocar ter que beber o cáliz até a pinga máis aceda. Esa posibilidade, aínda que real, parecía remota naquel momento das afoutas decisións primeiras.

—Serei das vosas. E que o vento me coma e non quede rastro de min se non acado as encomendas que me son confiadas.

O voto, agora, parecíalle unha sarcástica predición do seu final. Estaba preto o límite e, como para agoiralo, sopraba un nordés violento que a obrigaba a encollerse sobre si para abrirse paso. Polo camiño, a loitar cos refachos que lle impedían andar lixeira, pensou no que diría ao chegar cas das súas. Catro bocas dependían da súa existencia pero, máis importante aínda, o nome da súa xinea perigaba se ela non cumpría o ordenado. Canda ela, todos os vestixios de onde procedía ficarían borrados. Súa nai morrería aldraxada. Súa irmá sairía aos camiños sen dereito a outro porvir ca o que acompañaba ás que estenden a man á espera da compai-

xón que non é. As súas dúas fillas ficarían condenadas a unha vida de perpetua culpa. E o nome da nai que enxendrara a todas, aquela primeira que lles concedera a condición de mulleres que saben, sería borrado para sempre do albo das sabias. Non podía imaxinar peor desgraza.

O portelo da casopa renxeu e o lume da lareira avivouse inesperadamente canda o zoar do vento, que entrou con ela facendo tremelicar a difícil estabilidade daquel fogar escuro. Sobre a terra pisada do chan, catro paus termaban dun estaribel de trabes atadas con cordas, mentres as laxes das paredes reconcentraban a sensación de cova do interior. Entre o fume, ensumida coma unha xesta vencida polo tempo e a humidade, esperaba Rulia, máis vella polos anos que aparentaba que polos que realmente tiña. Os seus ollos pitoños enxergaron nas tebras e, sen vela realmente, reconeceuna.

—Seica te deixaron volver desta vez... Alóngase unha miga máis o que ha de ser.

As súas palabras, aínda na distancia, arrefriáronlle a vontade máis do que o fixera o vento até

aquel instante. Nelas podrecía, capa sobre capa, o desprezo fondo que súa nai sempre lle demostrara. Quizais porque ser proxenitora do fracaso é a peor das feridas, esa que fende de arriba a abaixo o orgullo necesario para continuar vivindo.

Non quixo parar a retrucar. Non o facía desde había tempo. Cada unha naquel espazo sabía o sitio que lle correspondía. Achegouse á cámara do fondo, apartou cunha man a pel tendida que facía as veces de porta, e descubriu no interior as súas nenas durmidas, unha apertada á outra baixo un monte de farrapos, mentres Ruma respiraba a carón delas un sono que aínda estaba lonxe de sentir realmente.

—Como foi? —dixo cando ela procedía a buscar acubillo.

Súa irmá abrira os ollos e, sen se mover, fitábaa coa expectación do que aínda cre. A outra face da vida que morre. Morrer esperando é, ás veces, tan triste coma morrer na espera e non decatarse de que unha xa non está viva, que xa só é unha estadea.

Ranunca non respondeu. Se levaba anos sen folgos para replicar ao rancor da nai cun chisco

de determinación, era a vida enteira a que levaba sen se atrever a matar de todo a bondade que Ruma aínda lle profesaba. Pensou que sería mellor que o silencio dixese o que a súa gorxa non era quen de articular. Malia a claridade da mensaxe, Ruma foise achegando a ela e, sen preguntar máis, apertouna. Aquela calor fraterna que nunca faltaba reconfortouna por un momento. Viu na imaxe das súas pequenas abrazadas a prolongación da aperta que sempre a xunguira á súa irmá máis nova. Pensou que había algo fermoso no mundo, malia a todo, e pechou os ollos. O día morrera e a ela aínda lle quedaban unhas horas para intentar continuar.

De súpeto, abriu os ollos de novo. Acababa de deitarse, pero aquela sensación que a acompañaba desde había un tempo non deixaba de desacougala. Acudía cando menos o esperaba. Naqueles intres que parecía ver entre pestanexos.

—Que está a suceder?

Mirou ao seu redor e comprobou que nada cambiara: o mesmo cuarto, a mesma cama, a mesma

lámpada apagada pendurada do teito. Agás a orde dos números que amosaba o espertador dixital sobre a mesiña de noite, todo seguía igual.

—Merda, xa case son as tres e eu aínda a pasar.

Adoitaba facelo e era outra desas cousas que tampouco sabía ben por que lle sucedían. De súpeto, a súa ollada ficaba prendida dunha febra invisible que traspasaba o ar e cría ver cousas que ninguén vía, ou que simplemente ela non vira antes. Eran, en realidade, os seus pensamentos traducidos a unha imaxe mental. Ou unha preocupación que non deixaba de ensarillar a súa atención. Ou un soño habitante do seu cerebro que tiña a capacidade de parar por un tronso o devalar do tempo. Naquel preciso momento, no que estaba sobre o seu leito tentando conciliar o sono, viñéralle de súpeto á cabeza a idea dunha parella de ollos coma os seus, abertos na noite, a mirar cara a un teito —quizais non precisamente aquel que a cubría— e fora como se ela abrise os seus para que esoutros ollos, ao unísono, se pechasen e xa non puidesen ser vistos na escuridade da noite.

—É estraño —salaiou.

Pero xa había tempo que estaba afeitada a entender que todo era estraño. Ou que todo podía ter a súa parte diferente en función da forma na que se parase a ver a realidade circundante. As cousas parecíanlle tan repletas de facetas coma prismas ten un diamante. A través de cada faceta o mundo víase distinto.

O mundo era distinto? Que mundo, en todo caso? Aquel que ela sentía real porque podía calcar cos pés ou ver cos ollos da cara, ou aquel outro que non podía tanxer pero si sentir, ás veces de forma máis nidia incluso ca o considerado real, e que, de feito, parecía albiscar aos poucos cando os ollos estaban a piques de caer rendidos co sono ou cando, como ao acaso, todo pasaba por diante dela nun tronso cosido nun punto do ar?

«Unha costura no tempo». Así denominara todo aquilo unha vez a avoa Sinda, que a escoitaba sen parecer escoitala mentres traballaba sen acougo na singer incansable. Coser sabas, subir bastas de pantalóns, encaixar patróns que lle mandaban cortados da fábrica e montar respostas para as que

non parecía necesitar ganduxo previo. Velaí parte das súas especialidades.

—Unha que? —preguntara ela, aínda ensumida na reflexión, como a saír dun pozo.

—Unha costura, Marta. Logo ti es neta dunha costureira e non has saber o que é unha costura, muller? Estámosche boas... —refungara a vella, ou quizais fose a singer a que o dixerá por ela. Ás veces xa non sabía ben quen falaba: se a súa avoa ou a máquina de coser, tan vella coma ela, tan cansa. Afixérase a medrar véndoas ás dúas, presentes e inseparables na súa vida de teas ciscadas ao redor.

A avoa Sinda parecía ter explicación para case todo, mesmo para o máis inexplicable. Tamén parecía afeita a pensar. Repleta de silencios estivera aquela vida súa, repleta de fíos por coser, repleta de buratos que, sen outro afán que o de cubrir espazos abertos porque si, ela se afixera a pechar coa axuda dunha agulla até os deixar practicamente imperceptibles na superficie antes furada. Quizais así fora tamén a vida dela. Un andar a rematar ás présas porque non había máis tempo có que



abondaba para tirar cara a adiante. Tirar cara a adiante e esquecer. Facer medrar unha filla sen outra axuda cá dunha vella singer sobre o pedal da cal os seus pés bailaban. Sempre a mesma música. Sempre o mesmo vals de costureira ensumida. Velaquí a súa parella de vida. Outra non tivera «porque non estaba de Deus».

Agora a filla era unha muller tamén cansa, a casa da aldea dera paso había anos a catro paredes que circunscribían sesenta metros cadrados de mundo empolicados no alto dunha torre de cemento desde a cal nin sequera o mar se podía ver, tan só se insinuaba cando o vento así o quería. Pero, a pesar dos cambios, o vals seguía a ser o mesmo, a mesma peza de baile entre ela e a singer, compañeira de costuras interminables que darían a volta ao mundo se o mundo se deixase coser. Porque a vida seguira. Igual de dura, igual de rota. Furados por todas partes para elas, agora que eran tres. Tres mulleres, dúas adultas, unha nena e mais unha vella máquina de coser á que ningún DNI lle recoñecía nin condición nin xénero nin dereito, agás o de contribuír a dar de comer.

Unha costura no tempo. Cose, cose, cose... e o tempo que vai quedando prendido entre cada puntada. O tempo de que? O tempo para que?

—Para pensar, Marta. O tempo sempre deu moito que pensar.

Outra vez a voz da avoa Sinda ou da avoa Singer, ou das dúas á vez, e un remendo inmenso a trazar pontes sobre calquera tipo de abismos, mesmo sobre os que separan a vida da morte. Mesmo tamén sobre eses, si.

Marta remexeuse na cama. A noite era longa, interminable o silencio que lle impedía falar, a casa toda mergullada naquel parón vital para repoñer folgos e remendar canseiras. Todo inmutable no seu cuarto de nena crecida dun tirón: a foto da primeira comunión a carón dos peluches, os libros ordenados a ateigaren unha balda sobre a cama, o ordenador aceso, convertido nunha ventá negra pola que nadaban peixiños de cores. Pensou en erguerse para apagalo, pero seguiu ganduxada á saba, que pesaba coma o sudario dun morto.

«Que quede aceso», pensou, e cun último esforzo estarricou o brazo fóra das sabas e botou man

do móbil que, tamén aceso, durmía, el si, sobre a mesiña, a carón do reloxo. Premeu unha tecla e o móbil boquexou. Imaxinou un enorme boquexo de cara de ferreiro anoxado. Sorriu. Seu avó fora ferreiro: todos os ferreiros nacen sen sorrisos nos beizos. Velaí outro pensamento da avoa. Neste caso, ela si sabía porqué. O home da avoa, aquel ferreiro con sorrisos só no corazón, marchara á guerra antes de que a filla que lle sementara no corpo fose sequera unha promesa de algo. Ou unha maldición de todo. Marchara porque tiña de marchar, e o adeus fora efectivamente un adeus. Non houbo cartas, que o avó Tomás non sabía escribir, ou só o suficiente para poñerlle as iniciais dos futuros donos aos coitelos que delimitaba a lume e martelo. Non houbo chamadas de teléfono, non as había naquel mundo sen cables. Non houbo un móbil aceso no medio da noite para mandar un sms de despedida no que, como ao acaso, puxese: «Aquí morrín, no fondo dunha gabia, non sei onde, non sei porqué, pero aínda que o soubese tampouco cho diría. A guerra é fea, Sinda, moi fea, máis fea aínda cá fame. Morrer, despois de todo,

foi unha liberación. Queda con isto e non chores, miña amora. Non paga a pena facelo. Cando esa filla nosa que aínda non sabes que has ter naza, dille que a quero moito, que seu pai a quixo sempre, mesmo antes de a saber». Demasiadas letras para un sms, aínda que fose o derradeiro. Demasiadas cousas por dicir e ningún tempo para nada.

Outra tecla premida, e outra máis, sen pensar, a repetir de novo unha acción mil veces aprendida. Un nome na pantalla. Un sorriso nos ollos de Marta. Tecleo rápido cunha soa man adestrada. «Sta noite vin unha kostura no tempo. Seica stas ti nela. Non sei xk. Krt». Outra tecla premida áxil e un sobre miúdo que sae a voar. Serán así os soños? Sobres pechados que liscan polo ar non se sabe cara a onde e que, por un casual, che pasan por diante dos ollos estas ou non durmida? En todo caso, aquel sobre si tiña destino. Un destino e un destinatario. Marta asegurárase de que fose parar á caixa de correo adecuada. Ao outro lado un pitido leve anunciaría a chegada dunha mensaxe. Ou un tremor suave. Ou un golpe de luz na pantalla. Ou

nada. Só unha mensaxe nova a agardar que alguén, no momento de acordar, a abrise e, ao lela, soube-se que tamén aquela noite alguén pensara nel con esa intensidade coa que só se soñan as realidades. Só iso. E abondaba.

Remexe para aquí, remexe para alá. Ruído do somier que di entre afofos que el si quere durmir. Canseira nos ósos. A falta de sono convertida en castigo para o corpo. Pero era nova e xa se sabe: «xente nova e leña verde...». Así sentenciaba de cote a singer ou a avoa cando saía e regresaba ás tantas, ou cando tiña exame ao outro día e había que quedar a chapar. E un sorriso ficaba cosido na tea mentres a costureira tamén sorría, con aquela boca de engurras que endexamais había corrixir ningún ferro de pasar.

Outro sorriso voaba agora polo ar, desde algures, e Marta non sabía por que. Era quizais coma os ollos doutro. Aquel par de ollos que ela vira antes sequera de os ver. Alguén a espreitaba? Alguén lía nos seus pensamentos e por iso sorría, porque os seus pensamentos, ás veces, eran graciosos abondo para facer sorrir?

Coidou que aquela tolada a ía trastornar definitivamente se seguía a perder noites pensando nela e a escribir no móbil despois. Arrecunchouse toda contra a almofada, concentrou as súas ansias en durmir e varias ducias de pensamentos máis, tres ou catro olladas desde o lonxe, algún sorriso náufrago e unha respiración premeditadamente acompañada encheron para ela o necesario río do sono. Só tiña que guindarse á corrente maina e deixarse ir. Deixarse ir. Niso consistía quizais a vida? Nun deixarse ir sen máis?

«Oi, Martiña, por aí si que non...»

Apertou máis os ollos. Un pouco máis. Un pouquichiño máis. Así, xa vai, xa vén, xa está...

E durmiu. Ou niso estaba, xa a piques de durmir, xa a un tris de deixarse ir, cando unha música coñecida, alegre e, a pesar diso, odiada, empezou a soar.